



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Resolución de nomeamento de 4 peóns durante 5 meses para o Programa PEL-CONCELLOS 2024 da Deputación Provincial da Coruña.

Núm. Admvo. Expte.: 2024/E001/000001

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000332

Vista a Resolución núm. 2024/4824, do 08/02/2024, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 31, do 12 de febreiro de 2024, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024 (PEL-CONCELLOS 2024), na que se concede unha subvención a este concello por importe de 37.000,00 euros.

Visto o expediente que se tramita para a selección de 4 postos de peóns, durante 5 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS 2024 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 243/2024, de data 08/04/2024, se aprobaron as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns durante 5 meses, Programa PEL-Concellos 2024 da Deputación da Coruña, publicándose as bases da convocatoria no BOP núm. 72, do 12/04/2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 316/2024, de 03/05/2024, se aprobou a proposta do tribunal cualificador reunido o día 30/04/2024 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso-oposición, na que propón ao sr. Alcalde designar a M^a Luz Castro Rodríguez, Antonio Álvarez Valiña, Carmen Estrella Gómez Blanco e Dulzura Vidal Miñones como peóns deste Concello de Laxe, Programa PEL-CONCELLOS 2024, e se aprobou a lista de reserva; requiríndolles aos candidatos propostos para que xustifiquen os requisitos esixidos conforme ao establecido na cláusula duodécima das bases de selección.

Vista a documentación presentada polas persoas propostas M^a Luz Castro Rodríguez, Antonio Álvarez Valiña, Carmen Estrella Gómez Blanco e Dulzura Vidal Miñones establecida na base duodécima das bases de selección, e unha vez comprobado que a mesma é correcta,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 e) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Nomear como peóns do Programa PEL-CONCELLOS 2024 da Deputación Provincial da Coruña as seguintes persoas:

Apelidos e nome	DNI
Castro Rodríguez, M ^o Luz	***695***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Álvarez Valiña, Antonio	***657***
Gómez Blanco, Carmen Estrella	***258***
Vidal Miñones, Dulzura	***5955**

A duración do contrato será dende o 07/05/2024 e ata o 06/10/2024, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar traslado desta Resolución ao Departamento de Contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto. Emitir certificado deste decreto e dar conta no vindeiro Pleno ordinario que se celebre.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O Alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo.: Begoña Carrasco García